



## MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑANZA PARA A XESTIÓN DA PRESENZA DO CONCELLO DE CUNTIS NA WEB E NAS REDES SOCIAIS

Ao Pleno da Corporación de Cuntis

Saleta Fernández de la Torre e Santi Martínez López, na nosa condición de concelleiros do Grupo Municipal de Veciñanza, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presentamos diante do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

Internet e as redes sociais son hoxe espazos plenamente válidos para a comunicación bilateral entre a administración pública e os/as cidadáns/ás. Ter ferramentas útiles, modernas e atractivas é un requirimento imprescindible para poder prestar un servizo de calidade e facilitar o exercicio dos dereitos que nesta materia teñen xa as persoas na relación coas administracións.

Ademais do puramente práctico, a aparencia que se transmite é fundamental e representa en boa medida o rigor e traballo desa administración. A presenza virtual merece igual atención que a física.

Desgraciadamente, esta é unha materia na que o Concello de Cuntis necesita mellorar moito. A súa actual presenza tanto na Internet como nas redes sociais presenta numerosas carencias que, nin facilitan a relación do/da cidadán/á coa administración local nin coidan a imaxe do propio concello.

Algunhas das deficiencias máis significativas que atopamos a día de hoxe na web municipal, son as seguintes:

- Unhas estatísticas de poboacións actualizadas a 2008
- Unha mínima mostra, desactualizada, de ordenanzas e regulamentos. Non se pode acceder ás normativas municipais de Cuntis vía web.
- Actas dos plenos. Hai dispoñibles unicamente tres, a última delas do ano 2009
- No apartado de novas, acumúlanse imaxes de carteis desordenadas e colocadas sen ningún tipo de criterio. Nin axudan, nin informan nin orientan de absolutamente nada.



- A sección de Transparencia mantense 'en construción', segundo indica a mensaxe. Unicamente conta co orzamento de 2016
- Non hai acceso directo á web da Administración Electrónica
- É unha web desordenada, pouco útil e cunha pésima adaptación a dispositivos móbiles

Ademais da web [www.concellodecuntis.es](http://www.concellodecuntis.es), na rede podemos atopar tamén [www.turismodecuntis.es](http://www.turismodecuntis.es). Presenta un cartel anunciador do ano 2015 e dende aquela permanece abandonada. Dende o punto de vista da promoción do noso municipio, especialmente ao tratarse dun portal enfocado ao turismo, resulta máis negativo o efecto de presentar unha web desactualizada e abandonada que o propio feito de que non exista. Trasládase unha imaxe de desleixo e descoido que provoca o efecto contrario ao que se quere trasladar coa propia existencia dunha web de promoción turística. Unha aposta decidida polo desenvolvemento do sector turístico sería incompatible co mantemento da presenza desta web na rede.

Unha análise superficial dos perfís do Concello de Cuntis nas redes sociais arroxa un saldo máis que negativo. A palabra que mellor define esta presenza en redes sociais é **cutre**. A falta de actualización, o (non) criterio das publicacións, as faltas de ortografía, a ausencia de contidos propios, a propia inexistencia dun único que centralice a información, etc. evidencian unha xestión lamentable destes perfís nas redes sociais.

Unha presenza digna tanto na web como nas redes sociais non é algo secundario nin pertencente ao futuro. Proliferan os datos que demostran que é algo demandado xa hoxe e que é unha canle que reflexa o traballo que hai detrás. Resulta incuestionable que esta é unha materia na que o Concello de Cuntis non centra nin a súa atención nin o mínimo de recursos esixibles.

Por todo o exposto, propoñemos a adopción dos seguintes:

#### **ACORDOS:**

- Adquirir o dominio *.gal* para posicionar máis eficazmente o sitio web do concello de Cuntis na rede, tanto para a web municipal como para outras que se poidan activar.
- Diseñar unha nova web, funcional, útil, adaptable a dispositivos móbiles e atractiva.
- Xestionar a promoción turística na rede e nas RR.SS. (incluíndo a renovación da páxina web) dun xeito eficaz, que non xere unha imaxe negativa, profesionalizándoa e tratándoa con rigor.
- Acometer unha xestión profesional, actualizada, seria e rigorosa da presenza do Concello de Cuntis na web e nas redes sociais.

Cuntis, 18 de setembro de 2018

Saleta Fernández de la Torre

Santi Martínez López